

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2013.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de outubro de 2013, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup> MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D<sup>a</sup> MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D<sup>a</sup>. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 04.09.2013.

2º) TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA DO PARTIDO POPULAR D<sup>a</sup>. BEATRIZ CASTRO REY.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 30.08.2013 AO 10.10.2013.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTO, PROTECCIÓN DE PERSOAS E OUTROS SEMELLANTES.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 04.09.2013.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 4 de setembro de 2013.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

### **2º) TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO PARTIDO POPULAR Dª. BEATRIZ CASTRO REY.**

Dada conta do expediente tramitado para a substitución por renuncia do concelleiro do Partido Popular D. Carlos Tomé Fondo, téndose recibida a credencial de concelleira da Xunta Electoral Central en favor de Dª. Beatriz Castro Rey, previa renuncia anticipada de D. José Antonio Vidal González, téndose acreditado pola interesada o cumprimento do disposto nos art. 30 e 31 do RD. 2568/1986, do 28 de novembro, se lle formula por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, a pregunta establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, respondendo sí xuro, polo que queda posesionada do cargo de concelleira deste Concello desde este momento, incorporándose ao Pleno integrada no grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Alcalde dálle a benvinda e deséxalle moita sorte nas súas funcións.

### **3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 30.08.2013 AO 10.10.2013.**

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

30.08.13.- Alta dun veciño no padrón de habitantes.

30.08.13.- Contratar o servizo de "Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde do proxecto de renovación de instalación de iluminación exterior 2013. Agrupación de concellos de Lousame, Ames e Brión, a Gilberto Rodríguez Rodríguez, por un importe de 2.178 €, iva incluído.

30.08.13.- Ingreso de 300,00 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.08.13.- Abono da diferenza a un traballador dos complementos específicos dun mes dos dous postos de traballo de secretaría e intervención.

30.08.13.- Pago de gratificación a un laboral.

30.08.13.- Pago de gratificación a un funcionario.

30.08.13.- Pago de nóminas.

30.08.13.- Solicitud de informe sobre procedemento de renuncia dun concelleiro.

02.09.13.- Altas padrón de habitantes mes de agosto.

02.09.13.- Baixas padrón de habitantes mes de agosto.

02.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 348,76 euros (Telefónica Móviles España).

03.09.13.- Concesión a unha veciña da licenza municipal para a posesión de animais dos cualificados como potencialmente perigosos.

03.09.13.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida de lixo correspondentes aos anos 2012 e 2013.

03.09.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 4 de setembro.

03.09.13.- Resolución inicio procedemento sancionador de tráfico.

04.09.13.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2013.

04.09.13.- Autorización para a celebración o día 22 de setembro de 2013 da XXXI Festa do Cabalo de Brión.

04.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

04.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 817,52 euros (Mapfre Vida, S.A).

05.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 16.006,14 euros (facturas varias).

05.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).

06.09.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de agosto 2013.

06.09.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2013

06.09.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro de 2013.

06.09.13.- Autorización para celebrar o día 15 de setembro de 2013 os festexos de Nosa Señora dos Milagros no lugar de A Igrexa-Bastavales.

06.09.13.- Solicitar conxuntamente co Concello de Ames subvención para a execución de infraestruturas de uso público do ano 2013, destinadas aos concellos de Galicia, para o proxecto denominado "Adecuación de viais urbanos municipais nos núcleos de Bertamiráns e Os Ánxeles.

06.09.13.- Aprobación das liquidacións pola inserción de publicidade na revista Altamira.

06.09.13.- Aprobación das liquidacións correspondentes a xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables.

06.09.13.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecer a obriga deste Concello co Clube de Fútbol Bastavales Unión Deportiva, polo importe total de 6.300 euros.

- 06.09.13.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de setembro.
- 10.09.13.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública. Proxecto de renovación de instalación de iluminación exterior 2013. Agrupación de Concellos Ames, Lousame e Brión.
- 10.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unha veciña de Babenzo.
- 10.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unha veciña de Perros.
- 10.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unha empresa.
- 11.09.13.- Deixar sen efecto e anular a resolución da Alcaldía do 30.07.2013 polo que se tiña por desistido unha solicitude de licenza de legalización dunha antena meteorolóxica.
- 11.09.13.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecer a obriga deste Concello coa Sociedade Deportiva Luaña, polo importe total de 2.000 euros.
- 12.09.13.- Aprobar a lista de beneficiarios da fase de distribución de alimentos excedentes da Unión Europea para setembro de 2013.
- 13.09.13.- Imposición a NCG División Grupo Inmobiliario S.L. unha 1ª multa coercitiva de 1.000 € por incumprimento dos traballos ordenados a fin de manter a edificación sita en Sabaxáns nas condicións de salubridade e ornato esixidas.
- 13.09.13.- Baixa definitiva dunha veciña do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2013.
- 13.09.13.- Impoñer a unha empresa unha 1ª multa coercitiva por importe de 300 €, por incumprimento dos traballos ordenados da xestión da biomasa vexetal.
- 13.09.13.- Adxudicar á empresa Barbatana S.L. a execución do contrato de servizos de: escolas musicais 2013-2014.
- 16.09.13.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de limpeza do CEIP de Pedrouzos - Brión, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.
- 16.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 26.645,48 euros (facturas varias).
- 16.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 5.860,46 euros (Gas Natural Sur).
- 16.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 11.803,27 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).
- 17.09.13.- Estimar a solicitude presentada por Urban Portfolio Inmobiliario S.L., de compensación de 5.373,55 euros en concepto de liquidacións do imposto sobre actividades económicas dos anos 2009 e 2010, liquidacións de tres sancións en relación ás liquidacións do imposto sobre actividades económicas dos anos 2009 e 2010 e liquidacións do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana dos anos 2012 e 2013.
- 17.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).
- 17.09.13.- Recoñecer e liquidar as cantidades dos gastos polo importe total de 8.062,60 euros (Sociser Galicia SL).
- 17.09.13.- Reintegro da cantidade de 90 € a un traballador por pagamento anticipado.
- 17.09.13.- Reintegro da cantidade de 95 € a unha traballadora por pagamento anticipado.
- 17.09.13.- Reintegro da cantidade de 18,18 € a unha traballadora por pagamento anticipado.
- 17.09.13.- Aprobación do gasto e expedición da orde de pago en concepto de reposición do anticipo de caixa fixa pola cantidade de 305 € para o pagamento de pequenos gastos da escola infantil.
- 18.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota xullo Mancomunidade Serra do Barbanza).

18.09.13.- Contratación das actuacións adxudicadas ao Concello na programación da Rede Cultural da Deputación do ano 2013.

18.09.13.- Contratación do servizo de “Fogos de artificio festas Santa Minia 2013” á empresa Pirotecnia López, S.L. por un importe de 6.100,00 €

18.09.13.- Confirmación das prazas para participar en actividades para a terceira idade durante o curso 2013-2014.

18.09.13.- Resolución de inicio procedemento sancionador de tráfico.

19.09.13.- Resolución recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

20.09.13.- Aprobación do expediente de contratación e prego de condicións do contrato de servizos de limpeza do CEIP de Pedrouzos-Brión, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

20.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unhas veciñas do Enxo.

20.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unhas veciñas de Lamiño.

20.09.13.- Autorización comisión de servizos a un traballador do Concello para a actividade de “Liga de Fútbol das Escolas Deportivas Municipais”.

23.09.13.- Nomear ao funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo do 23.09.2013 ao 30.09.2013, ambos inclusive.

23.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a uns veciños de Ruibal.

23.09.13.- Inadmisión a trámite dunha solicitude de limpeza de fincas en Liñares.

23.09.13.- Inadmisión a trámite dunha solicitude de limpeza de fincas no Rial.

23.09.13.- Ordenación da paralización da obra de construción dunha nave que se está a realizar no lugar de Busto de Frades, por estar realizando a obra sen licenza municipal.

23.09.13.- Ordenación da paralización da obra que se está a realizar no lugar de Guitiande, por estar realizando a obra sen licenza municipal.

23.09.13.- Concesión de prórroga de inicio de obra.

24.09.13.- Modificación de cota para o curso 2013-2014 dunha veciña e usuaria da escola infantil municipal.

24.09.13.- Remisión de expediente administrativo ao Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña, polo recurso contencioso-administrativo interposto por Urban Servicios Inmobiliarios S.L. contra resolución deste Concello de data 23 de maio de 2013.

24.09.13.- Personamento do Concello no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, polo recurso anterior e encomendando tal defensa e representación ao letrado Carlos Abal Lourido.

24.09.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de “ Escolas musicais 2010 ” á empresa Barbatana SL.

24.09.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de “Escolas Musicais 2012” á empresa Barbatana SL.

24.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unha veciña en Cantelar.

24.09.13.- Inadmisión a trámite dunha solicitude de limpeza de fincas en Guisande.

24.09.13.- Interrupción do disfrute do período de vacacións dunha traballadora durante o tempo que dure a situación de incapacidade temporal.

25.09.13.- Aprobar a certificación única da obra “Mellora e adaptación do acceso de entrada á sala de exposicións”.

25.09.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño en concepto de prezo público pola actividade de baile moderno.

25.09.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña en concepto de prezo público pola actividade de judo.

26.09.13.- Aprobar a certificación única da obra “Reparación da envolvente exterior da gardería municipal do Concello de Brión”.

26.09.13.- Requirimento de limpeza de fincas na Rúa da Fonte.

26.09.13.- Pago de nóminas.

26.09.13.- Pago de produtividade.

26.09.13.- Abono da diferenza a un traballador dos complementos específicos dos dous postos de traballo de secretaría e intervención.

26.09.13.- Recoñecemento de trienios a dous laborais.

26.09.13.- Ingreso de 300,00 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.09.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de xestión da “Piscina municipal de Bastavales verán 2012” á empresa Barbatana SL.

30.09.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de “Escolas Deportivas e Culturais 2010 á empresa Barbatana SL.

30.09.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de “Escolas Deportivas 2012 á empresa Barbatana SL.

30.09.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de “Escolas Culturais 2012 á empresa Barbatana SL.

30.09.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.477,87 euros (Telefónica España e Centyc Europa SL).

01.10.13.- Altas no padrón de habitantes do mes de setembro.

01.10.13.- Baixas no padrón de habitantes do mes de setembro.

01.10.13.- Confirmación de prazas para participar en actividades para a terceira idade durante o curso 2013-2014.

01.10.13.- Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo do 01.10.2013 ata a incorporación da Interventora.

01.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 197,12 euros (CP Agronovo).

02.10.13.- Autorización da cesión do uso en precario da instalación de piragüismo do Concello ao Club de Piragüismo Ribeiras do Tambre.

02.10.13.- Compensación da cantidade de 1.322,69 euros á empresa Urban Portfolio Inmobiliario S.L en concepto de liquidación do imposto sobre actividades económicas do ano 2012.

02.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 18.205,29 euros (facturas varias).

02.10.13.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato servizo de “Mantemento e limpeza de contedores soterrados do Concello de Brión instalados en Santa Minia e Monte Balado”.

03.10.13.- Tomar coñecemento da sentenza na que estima parcialmente o recurso contencioso - administrativo interposto por Vodafone España S.A. e declarar que o contido da mesma xa foi executado con anterioridade mediante publicación da anulación dos artigos anulados no BOP da Coruña do 09.05.2013.

03.10.13.- Altas e baixas no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 1 de xullo a 30 de setembro de 2013.

04.10.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro de 2013.

04.10.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de setembro 2013.

04.10.13.- Autorización, disposición e recoñecemento e liquidación das cantidades dos premios dos gañadores absolutos da XXXI Carreira Popular da Amaia polo importe total de 1.040,00 euros.

04.10.13.- Aprobación dunha liquidación relativa a taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

04.10.13.- Anulación de liquidación pola taxa de recollida de lixo por corrección de erros nos apelidos e aprobación de nova liquidación.

07.10.13.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 24/2013.

07.10.13.- Aprobación do expediente de contratación e prego administrativo e técnico do contrato de servizos de "Mantemento e limpeza de contedores soterrados do Concello de Brión instalados en Santa Minia e Monte Balado".

07.10.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de outubro de 2013.

07.10.13.- Aprobación de bases proceso selección de dous peóns a media xornada dos Programas de Cooperación 2013.

07.10.13.- Aprobación de bases proceso selección de catro peóns a media xornada dos Programas de Cooperación 2013.

08.10.13.- Autorización para celebrar o día 12 de outubro de 2013 os festexos de Nosa Señora do Pilar no lugar de O Tremo-Os Ánxeles.

09.10.13.- Finalización do expediente de reposición de legalidade urbanística en Beca.

09.10.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño en concepto de prezo público pola actividade de pintura.

10.10.13.- Convocatoria de Comisións Informativas a celebrar o 15 de outubro e Pleno a celebrar o 16 de outubro.

O Pleno queda enterado.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 19 de setembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento do tipo impositivo xeral do 0,44% ao 0,45%.

Visto o expediente tramitado e o informe de Secretaría, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009,

modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010, por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, e por acordo do Pleno do 17.10.2012 publicado no BOP do 10.12.2012, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o texto do art. 13, apartado a) 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Bens inmobles de natureza urbana:

1. O tipo de gravame xeral aplicable aos bens inmobles de natureza urbana queda fixado no 0,45%.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 19 de setembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos tipos impositivos ata o



importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento do coeficiente a aplicar sobre as cotas do 1,14 ao 1,15.

Visto o expediente tramitado e o informe de Secretaría, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010, por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, e por acordo do Pleno do 17.10.2012 publicado no BOP do 10.12.2012, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o texto do art. 8, apartados 1 e 3, que pasan a ter a seguinte redacción:

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,15 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

#### **TARIFAS**

##### **a ) Turismos**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	14,51 €
a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	39,19 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	82,73 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	103,05 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en diante	128,80 €

##### **b) Autobuses**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
--	------------------------------	------

b.1	De menos de 21 prazas	95,80 €
b.2	De 21 a 50 prazas	136,44 €
b.3	De máis de 50 prazas	170,55 €

#### c) Camións

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	48,62 €
c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	95,80 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	136,44 €
c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	170,55 €

#### d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	20,32 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	31,94 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	95,80 €

#### e) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	20,32 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	31,94 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	95,80 €

#### f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	5,08 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,08 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,71 €
f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	17,42 €
f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c	34,83 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	69,67 €

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,15 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

**6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 19 de setembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas de tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento da porcentaxe anual nun 2%.

Visto o expediente tramitado e o informe de Secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 274, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010, por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, e por acordo do Pleno do 17.10.2012 publicado no BOP do 10.12.2012, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

- Se modifica o cadro do art. 8 apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Períodos de un (1) ata cinco anos: 2,54 por cento.

b) Períodos de ata dez anos: 2,43 por cento.

c) Períodos de ata quince anos: 2,31 por cento.

d) Períodos de ata vinte anos: 2,20 por cento

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 7 de outubro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas de tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento do coeficiente sobre as cotas nun 2% .

Visto o expediente tramitado, o informe de Secretaría e o informe técnico económico de Intervención sobre o custe do servizo, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010, por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011 e por acordo do Pleno do 17.10.2012 publicado no BOP do 10.12.2012, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes.

- Se modifica o Anexo:Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

#### **ANEXO: TARIFAS**

<b>TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES</b>	
Epígrafe 10.-Vivendas:	82,98

Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 197,72 euros)	22,14
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 197,72 euros)	21,08
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 197,72 euros)	17,46
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 197,72 euros)	16,00
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 179,57 euros)	14,54
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	4,79
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 179,57 euros)	14,54
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 104,96 euros)	8,84
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 100,20 euros)	7,10
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 502,13 euros anuais)	41,75
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Miores e Residencias de Estudiantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 431,99 euros).	14,54
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Miores e Residencias de Estudiantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	355,06
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m <sup>2</sup>	177,55
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	

120000 De Categoría de Luxo	781,18
120001 De Categoría 1ª	710,15
120002 De Categoría 2ª	576,99
120003 De Categoría 3ª	461,54
120004 De Categoría 4ª	346,22
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	621,40
120101 De Categoría 1ª	488,24
120102 De Categoría 2ª	399,48
120103 De Categoría 3ª	195,29
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	710,15
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	159,72
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	133,17
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	710,14
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	443,85
120401 Os demais	221,92
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	301,83
120501 Teatros e Cines con local aberto	88,77
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	

120700.00 De 1 empregado	140,67
120700.01 De 2 a 4 empregados	211,00
120700.02 De 5 a 7 empregados	281,34
120700.03 De 8 a 10 empregados	351,66
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	562,66
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1.125,37
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2.055,63
120704 Máis de 100 empregados	4.097,65

Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m <sup>2</sup>	2.110,05
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m <sup>2</sup> e 120 m <sup>2</sup>	422,01
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m <sup>2</sup> e 60 m <sup>2</sup>	281,34
120801.03 Con superficie inferior a 60 m <sup>2</sup>	140,67
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	140,67
120802.01 Os demais establecementos	106,52
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	2892,33
120803.01 Por cada posto modular	417,47
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	



Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	843,32
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servicio, por surtidor (ata un máximo de 558,14 euros)	177,54
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Productores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m <sup>2</sup> de superficie	374,43
121001 Dende 500 m <sup>2</sup> ata 1000 m <sup>2</sup> de superficie	749,93
121002 Máis de 1000 m <sup>2</sup> de superficie	1124,38
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	221,92
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servicio, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	106,52
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	33,54
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	106,52
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,11 euros.	0,03
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O	0,05

mínimo de percepción non será inferior a 3,94 euros.	
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 44,19 euros).	0,14
<b>TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS</b>	
<b>Epígrafe 30.-Limpeza</b>	
Por cada m <sup>2</sup> de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 55,39 euros):	0,03
<b>Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertederos:</b>	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 44,19 euros):	0,14
Concepto 3101: Por cada m <sup>3</sup> de residuos inertes, euros (cun mínimo de 44,18 euros):	13,91
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
<b>TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS</b>	
<b>Epígrafe 40.-Recollida de vehículos</b>	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	31,43
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	64,92
Concepto 4002: Pola retirada de camións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	160,95
<b>Epígrafe 41.-Depósito de vehículos</b>	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,54
Concepto 4101: automóbiles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,00
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	8,51

NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.

NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado éste debido á presenza do interesado, satisfacerase o 50% da tarifa que puidese corresponder.

NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.

TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	110,18
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	3,58
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	Euros
Concepto 6001: Por cada m <sup>2</sup> de limpeza e de retirada de carteis	24,55
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	24,55
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	14,05
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	21,72
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	69,53
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e	

materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	61,57
Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	28,20
Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	17,35
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros:	28,20
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	17,36
Epígrafe 82.-Desprazamentos	Euros
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,17
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,38
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17

do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 19 de setembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 12 T, reguladora da taxa pola subministración de auga motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do IPC do 1,5 %, do período de agosto 2012 a agosto de 2013, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de Secretaría propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos do Pleno do 20.10.2010 publicado no BOP do 13.12.2010, por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011 e por acordo do Pleno do 17.10.2012 publicado no BOP do 10.12.2012, nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

#### **Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral**

<b>Tarifa</b>	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
1.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,582 €/ m <sup>3</sup>
1.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,760 €/ m <sup>3</sup>
1.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	1,137 €/ m <sup>3</sup>

#### **Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña**

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,428 €/ m <sup>3</sup>
2.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,470 €/ m <sup>3</sup>
2.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	0,567 €/ m <sup>3</sup>

### Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

**Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.**

Ø Acometida	Terra (A )	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C )
¾"	199,44	256,83	307,64
1"	214,96	271,27	319,21
1 ¼ "-1 ½"	258,59	315,49	363,46
2 "	307,72	363,44	411,98

**Prezos para a acometida de máis de 5 m.**

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A ) incremento € por m	9,26	10,84	15,50	26,02
(B ) incremento € por m	20,42	22,05	26,65	37,18
(C ) incremento € por m	24,58	25,51	30,74	41,22

### Epígrafe 4. Contadores

**Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar**

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	81,73 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	103,56 €/ud.

### Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	182,06 €/ud.

### Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

### Contadores ( sen colocación )

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	56,09 €/ud.
Ø 15 mm	56,09 €/ud.
Ø 20 mm	77,92 €/ud.
Ø 25 mm	126,94 €/ud.
Ø 30 mm	177,44 €/ud.
Ø 40 mm	275,08 €/ud.
Ø50 mm	601,05 €/ud.
Ø 65 mm	745,10 €/ud.

### Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,22 €/ ud.

**Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón**

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	28,44 €/ ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

**9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTO, PROTECCIÓN DE PERSOAS E OUTROS SEMELLANTES.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 7 de outubro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

Como consecuencia da posta en funcionamento do grupo de emerxencias supramunicipal deste Concello, resulta necesario modificar a vixente ordenanza fiscal 18-T, reguladora da taxa



por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos, salvamento, protección de persoas e outros semellantes, que se atopa publicada no BOP 274, do 27.11.2008, para adecuala á nova estrutura organizativa e funcional, posto que deberán prestarse servizos dentro do ámbito territorial do grupo e mesmo fóra do mesmo e conta con maiores medios persoais e materiais, o que obriga a actualizar o catálogo de servizos polos que se cobrará e para aproximalo ao custe que xerará a prestación do servizo.

Vistos o informe técnico do coordinador do grupo, o informe xurídico de Secretaría e o informe técnico - económico de Intervención, e considerando que os servizos para os que se establece a tarifa da taxa son os especificados no propio título da ordenanza, non os de protección civil, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Modificar o artigo 6.2 da vixente ordenanza fiscal 18-T reguladora da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos, salvamento, protección de persoas e outros semellantes, publicada no BOP 274, do 27.11.2008, que pasa a ter a seguinte redacción:

2. Para os efectos de determinación da cota tributaria establécese o seguinte cadro de tarifas:

2.1. Para as actuacións que se leven a cabo dentro do ámbito territorial de actuación do grupo de emerxencias supramunicipal ( concellos de Brión, Ames, Negreira, Lousame e Noia):

PERSONAL	Xefe de servizo	25 €/h ou fracción
	Xefe de quenda	20 €/h ou fracción
	Axente de intervención	16 €/h ou fracción

VEHICULOS	VIR-Vehículo intervención rápida	50 €/h ou fracción
	BUL-Bomba urbana lixeira	50 €/h ou fracción
	BFL-Bomba forestal lixeira	50 €/h ou fracción
	Vehículos lixeiros	35 €/h ou fracción

EQUIPOS	Equipos ERAS (respiración autónoma)	24 €/h ou fracción
	Extintores	40 €/h ou fracción
	Mangueras e accesorios	15 €/h ou fracción
	Xerador de espuma	30 €/h ou fracción
	Xerador eléctrico	35 €/h ou fracción
	Detector de gases	20 €/h ou fracción
	Bomba de achique	25 €/h ou fracción
	Equipo rescate altura	30 €/h ou fracción
	Equipo de excarceración	85 €/h ou fracción

MATERIAL	Recarga aire comprimido ERA	12 €/unidade
	Espumóxeno	10 €/litro
	Absorbente	15 €/ quilogramo
	Dispersante	8 €/litro

QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizárase ida e volta)	1,00 €/ quilómetro
--------------	--	--------------------

2.2. Para as actuacións que se realicen polo grupo de emerxencias supramunicipal fóra do seu ámbito territorial de actuación os prezos da cadro de tarifas anterior veranse incrementados nun 50%.

A presente modificación entrará en vigor o día da publicación no Boletín Oficial da Provincia da súa aprobación definitiva, de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 9 de outubro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de outubro de 2013, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente , tales como:

- Obra instalación eléctrica para o bombeo e impulsión de augas residuais en O Cabo.
- Honorarios correspondentes á realización da modificación puntual do PXOM de Brión: nova ubicación xeográfica para a implantación dun sector de solo urbanizable de uso industrial.
- Enerxía eléctrica alumeadado público agosto - decembro 2013.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal

modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes da minoración do crédito necesario doutras partidas do orzamento que se estiman reducibles, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaprazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 25/2013**, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados con cargo a anulacións ou baixas doutras partidas, por importe de **20.500,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

### 1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

#### A ) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS ( partidas non dotadas no orzamento )

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	161/609.00	Obra de instalación eléctrica para o bombeo e impulsión de augas residuais en O Cabo	1.321,65

**TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1.321,65 €**

#### B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO ( partidas dotadas insuficientemente )

PROX.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente( €)	Aumento que se propón ( €)	Total consignación resultante ( €)	Causas da súa necesidade
	151/227.06	822,00	4.840,00	5.662,00	Contratación modificación puntual do PXOM de Brión: nova ubicación xeográfica para a implantación dun sector de solo urbanizable de uso industrial.
2013024	165/221.00	105.377,81	14.338,35	119.716,16	Facturación de agosto - decembro 2013.
<b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>			<b>19.178,35</b>		

### 2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A ) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **0 €**

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente 0 €

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial doutras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **20.500,00 €**

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante ( € )	Explicación da baixa na consignación
	151/12000	8.258,20	8.000,00	258,20	O funcionario está en comisión de servizos
	151/12001	2.126,42	2.000,00	126,42	A praza de aparelador municipal está vacante.
	151/120.06	1.696,70	1.500,00	196,70	A praza de aparelador municipal está vacante e o arquitecto está en comisión de servizos
	151/12100	4.025,06	4.000,00	25,06	A praza de aparelador municipal está vacante e o arquitecto está en comisión de servizos
	151/12101	5.464,14	5.000,00	464,14	A praza de aparelador municipal está vacante e o arquitecto está en comisión de servizos

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €

2º) Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dita modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **11º) MOCIÓNS.**

Apróbase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións presentadas oralmente polo grupo municipal do PP, e por escrito polo grupo Mixto (BNG):

#### **1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN DE PORTAVOZ.**

A portavoz suplente do grupo municipal do PP Srª. Vázquez García sinala que logo da reorganización do mesmo como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira, acordouse polo grupo designar portavoz titular a Dª. MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO, e portavoz suplente a Dª. MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA.

O Pleno queda enterado.

#### **2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN DE COMPOÑENTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que logo da reorganización do mesmo como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira, designamos como compositores das comisións informativa ás seguintes concelleiras:

##### **1-. Comisión Informativa Especial de Contas:**

Titulares: Dª. MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA e Dª. BEATRIZ CASTRO REY.

Suplentes: Dª. MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO e Dª. MÓNICA PATO MAGARIÑOS.

##### **2-. Comisión Informativa de Servizos:**

Titulares: Dª. MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO e Dª. MÓNICA PATO MAGARIÑOS.

Suplentes: Dª. MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA e Dª. BEATRIZ CASTRO REY.

O Pleno queda enterado das adscricións realizadas polo grupo municipal do PP.

#### **3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que logo da reorganización do mesmo como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira, propoñen designar como representante do grupo municipal do PP na Asamblea da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a Dª. MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO, que substitúe ao ex concelleiro D. Carlos Tomé Fondo.

O Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobar a designación realizada polo grupo municipal do PP nos seus propios termos.

#### **4º) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO( BNG) PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE**

## **AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.**

Dada conta da moción sinalada, que transcrita di:

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís ...), que está afectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís ...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal a toma en consideración do seguinte acordo:

a) Esixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

b) Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que xa se pediu o ano pasado algo semellante e a Xunta non fixo nada e que é un tema moi importante porque se refire a 293 concellos que se verán afectados pola supresión dese servizo de facto.

Engade que entendemos que esta liña de acción do goberno galego vai na liña da mentalidade da reforma do réxime local para potenciar ás deputacións e deixar aos concellos sen recursos e sen capacidade para poder prestar os servizos.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cobas Cajuso sinala que nós temos unha emenda de substitución, que di:

1º) Instar á Xunta de Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de todos os concellos de Galicia. Así como, garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentando a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

2º) Instar á Deputación da Coruña a que cumpra co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios. Así mesmo, deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación da Coruña o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

O Sr. Alcalde sinala que apoiamos parte do acordo que propón o BNG pero imos ampliálo algo máis e para iso vou xustificálo do seguinte xeito: o servizo de axuda no fogar para persoas non dependentes ( libre concorrencia ) deixou de ser financiado a efectos prácticos pola Xunta xa no exercicio 2011, antes do Decreto 99/2012, do 16 de marzo; hai que lembrar que nese ano o Concello de Brión como a meirande parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, viu reducida a achega da Xunta para ese programa nun 75%, asumida posteriormente pola Deputación en 2012 a meirande parte desa perda a través de convenios de colaboración.

Ao mesmo tempo a Xunta introduciu o financiamento aos concellos para o mantemento do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, moi deficitario e que obriga aos concellos a colaborar economicamente no mantemento dun servizo que é competencia da Comunidade Autónoma e do Estado.

Contra a resolución de subvencións correspondentes a 2011 para o mantemento dos servizos sociais o concello presentou un recurso de reposición conxunto con outros concellos que non deu ningún resultado.

A desaparición do servizo de axuda no fogar municipal ( de libre concorrencia ) non é pois a peor das consecuencias que se van derivar do recorte xeral de financiamento para servizos sociais; a xestión de calquera tipo de servizo ( desde a información ao cidadán, a escola infantil, as actividades de integración, a atención a colectivos desfavorecidos, o apoio familiar, etc....) pasa necesariamente polo recoñecemento da competencia municipal e pola presenza de técnicos profesionais nos concellos, e ningunha destas dúas premisas necesarias están garantidas, máis ben todo o contrario; en realidade o Decreto 99/2012 non é nada comparado coa proposta de lei para a reforma das administracións locais, xa que a perspectiva de materialización desta lei, invalida calquera esforzo que se realice no senso dun programa municipal en concreto, xa que estes programas non van atopar un espazo local no que desenvolverse; por todo isto se emenda a moción presentada no senso de que habería que engadir un punto máis co seguinte contido: instar á Xunta a que se manifeste clara e abertamente en referencia a qué modelo de prestación de servizos sociais está a valorar

implantar na Comunidade Autónoma se a lei de reforma das administracións locais vai adiante; cales van ser para os veciños as consecuencias reais e prácticas do alonxamento destes servizos que sempre foron modelo de proximidade. Esta proposta autonómica para a prestación dos servizos sociais, debería ser exposta ante o electorado co tempo necesario para que os nosos veciños poidan valorar o seu contido e implementación.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña propoñente da moción sinala que acepta a emenda do PSG-PSOE porque forma parte do espírito máis amplo que se atopa na reforma da administración local por parte do PP. Engade que non acepta a emenda do PP porque os concellos pequenos prestan servizos necesarios e ademais porque non acepto o segundo punto porque as deputacións deben desaparecer, esta e todas, porque son algo decimonónico.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda de adición do grupo municipal do PSG-PSOE, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG) (1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo:

1º) Esixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

2º) Instar á Xunta a que se manifeste clara e abertamente en referencia a qué modelo de prestación de servizos sociais está a valorar implantar na Comunidade Autónoma se a lei de reforma das administracións locais vai adiante; cales van ser para os veciños as consecuencias reais e prácticas do alonxamento destes servizos que sempre foron modelo de proximidade. Esta proposta autonómica para a prestación dos servizos sociais, debería ser exposta ante o electorado co tempo necesario para que os nosos veciños poidan valorar o seu contido e implementación.

3º) Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.

#### **5º) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO( BNG) PARA ANULAR OS EFECTOS DO COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.**

Dada conta da moción sinalada, que transcrita di:

O pasado mes de setembro o Goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o Goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser



dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular ...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. Suprime unha parte do que é un dereito básico como é a sanidade universal. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a toma en consideración das seguintes propostas:

1.- Que o Goberno Municipal prepare unha ordenanza municipal, que baixo a perspectiva do modelo sanitario universal, regule un sistema de axudas ao copagamento de medicamentos para doentes crónicos non hospitalizados na sanidade pública.

2.- Que nos orzamentos do ano 2014 se contemple unha partida específica para tal fin.

3.- Mentres tanto que se adopten as medidas seguintes:

a. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

b. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.

c. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que en resumo afecta a 42 ou 43 medicamentos ata agora gratuítos; na moción propoñemos dúas liñas de actuación e xa sabemos que unha delas é complexa, e por outra banda pedimos que a Xunta e o Estado suspendan a proposta de copago.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cobas Cajuso sinala que non estamos de acordo coa moción porque hai contradición entre a moción anterior e esta, antes se dicía que non debía financiarse polo concello o servizo de axuda no fogar e agora nun tema de competencia estatal se pide que se faga cargo o concello dunha competencia que non ten, polo que nós imos abstermos.

O Sr. Alcalde sinala que aínda que estamos de acordo coa moción no fondo, hai certas cousas que non podemos facer, así respecto dos apartados 1 e 2 da moción sinala que o concello fixo algunhas xestións de consulta a instancias sanitarias de cara a obter información necesaria para a correcta confección dunha ordenanza, e resultaría preciso obter información acerca do número de pacientes crónicos non hospitalizados deste concello, tipo e dose dos seus tratamentos mensuais, de cara a poder valorar obxectivamente a cantidade que deberá contemplarse nunha partida específica, e nós non temos posibilidade de chegar a ter esa información, é privada; ademais para a correcta xestión desas axudas por ordenanza se precisaría información das rendas familiares de destino de cara a prestar apoio de xeito prioritario ás familias con menos recursos; se non temos esa información non podemos facer nada realista, por iso se emenda a moción no senso de substituír os apartados 1 e 2 polo seguinte: aumentar no orzamento de 2014 nun 25% a partida municipal xa existente para axudas de emerxencia social, para que aquelas persoas que sexan doentes crónicos que

poidan ser incluídos en emerxencia social, poidan recibir unha axuda de emerxencia e reciban un tratamento similar ao doutras situacións de emerxencia que de xeito habitual se atenden no concello.

Con respecto ao apartado 3 da moción estamos de acordo se ben se emenda no senso de engadir un novo apartado co seguinte contido: demandar da Xunta de Galicia non só a solicitude de derogación da resolución do 10 de setembro de 2013 senón a que manifieste de xeito rotundo a negativa a seguir cooperando no desmantelamento do sistema público e universal de atención sanitaria e esixa de xeito inmediato a posta en marcha de todas as medidas necesarias para garantir á poboación deste país a cobertura sanitaria total e de calidade recoñecida pola Constitución.

Engade o Sr. Alcalde que é unha cousa moi seria, é un tema tremendo e trágico, é un novo golpe ao estado do benestar que custou moito facer, e isto se suma a todos os copagos que xa están establecidos, que vanse ata suprimir por caros certos tratamentos contra o cancro, que escoitei a directores de hospitais na televisión que dicían que non se utilizaban produtos para o cancro porque eran caros, e agora en España se non hai medios estamos condenados a morrer no hospital.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que estou de acordo coas emendas porque a primeira medida é máis complexa, tecnicamente non é doado facelo pola falta de todos os medios para poder facer a ordenanza, pero si se incrementa a partida de emerxencia social me parece correcto; engade que é certo o que din os médicos e que este copago demostra a distancia que existe entre os políticos ao falar e a realidade, merecen un duro castigo.

O Sr. Alcalde sinala que a decisión está a ser trágica nos hospitais, que un señor de 89 anos pase unha semana no hospital e que a parte de neumoloxía estea pechada cunha cadea; falan de copago cando é repago, quitan os medicamentos máis habituais, que son os que teñen que tomar precisamente os enfermos crónicos, con isto créase un imposto novo á pobreza e á enfermidade e remata dicindo que estamos a falar da cousa máis importante que temos en democracia.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coas emendas do grupo municipal do PSG-PSOE, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG) (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo:

1º) Aumentar no orzamento de 2014 nun 25% a partida municipal xa existente para axudas de emerxencia social, para que aquelas persoas que sexan doentes crónicos que poidan ser incluídos en emerxencia social, poidan recibir unha axuda de emerxencia e reciban un tratamento similar ao doutras situacións de emerxencia que de xeito habitual se atenden no concello.

2º) Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

3º) Demandar da Xunta de Galicia que manifieste de xeito rotundo a negativa a seguir cooperando no desmantelamento do sistema público e universal de atención sanitaria e esixa

de xeito inmediato a posta en marcha de todas as medidas necesarias para garantir á poboación deste país a cobertura sanitaria total e de calidade recoñecida pola Constitución.

4º) Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e presidente do Goberno do Estado.

## 12º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal mixto (BNG):

1. En relación ás actividades municipais para nenos e nenas nos teñen chegado queixas de diversos pais e nais que se preguntan por qué moitas das actividades que se levaban realizando outros anos non se van facer neste? Os argumentos esgrimidos polo Concello son a de a insuficiencia de rapaces cando realmente moitas non chegaron nin a ser ofertadas, como ten ocorrido, por exemplo, nas actividades de conta contos que se viñan realizando na biblioteca municipal, outras ofertadas como o baloncesto finalmente non se realizan por mor do razoamento numérico cando en realidade si hai tal número de rapaces, a proba é que dita actividade estase a planificar por parte da Anpa do Colexio. Outras actividades como o patinaxe de máis nivel tiveron que buscar un pavillón en Milladoiro, xa que o de Brión era "moi difícil de adaptar en canto a horarios."

Tamén se cuestiona o aparente exceso de protagonismo da empresa Aquafit na organización das actividades para pequenos/as o mesmo que a agrupación de nenos e nenas co pretexto de optimizar recursos.

Este concelleiro quere saber que hai de certo en todas estas cuestións e que liñas de acción está a seguir o concello en relación ás actividades para nenos e nenas?

Responde o Sr. Alcalde que creo que lle deron mal a información, eu preguntaría que cales son as actividades que non se fan?. Ningunha actividade se deixou de facer neste ano con respecto ao ano pasado, conta contos tampouco, son as mesmas incrementadas en días e horas, que a actividade de conta contos se oferta co nome de Club Camaleón, ten máis horario e tamén participan os pais e nais; o baloncesto non se fai como o ano pasado e só houbo cinco persoas que se apuntaron, o patinaxe se sigue celebrando no polideportivo, outra cousa é que se oferte en Milladoiro por unha empresa e veciños de Brión vaian alí; engade que as actividades culturais foron aumentadas en días e horas, en patinaxe hai 43 nenos e nenas, e que a empresa Aquafit se presta actividades e cumpre as ratios pode facelas e remata sinalando que nas escolas deportivas hai catrocentos e pico rapaces, sen contar as escolas de música.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a algúns pais lles parece que existen diferenzas con respecto a outros anos, iso é o que me din, que parece que hai unha certa caída de nivel nas actividades.

O Sr. Alcalde sinala que o número de nenos e nenas aumentou e mentres nolo permitan os de arriba seguiremos mantendo estes servizos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

José Luis García García.

Javier Nieves González.